


CURSO

A práctica do Comercio Xusto dende a perspectiva da Soberanía Alimentar

Lugo

18 de xuño (venres) e 19 de Xuño (sábado)

Centro de Convivencia Maruja Mallo,
Carril das Hortas, s/n



O Comercio Xusto ten un espazo cada vez maior na axenda da sociedade civil. Como actividade económica, ademais, mantén dende hai anos un crecemento sostido tanto no número de organizacións e empresas que comercializan produtos de Comercio Xusto coma no volume total de vendas.

Pero este crecemento non estivo exento de certas contradicións e polémicas con outras propostas de consumo responsable, así como de produción e comercialización alternativas. O caso máis evidente é o da Soberanía Alimentar, proposta política creada e defendida pola plataforma internacional Vía Campesina.

Que a Soberanía Alimentar dea prioridade aos mercados curtos mentres que o Comercio Xusto sexa un modelo de comercio internacional, ou que para aumentar as vendas determinadas organizacións de Comercio Xusto busquen a participación de empresas transnacionais certificando algunha das súas liñas de produtos, son incongruencias que poden dar a sensación de que ambos paradigmas defenden modelos opostos de produción, distribución e consumo.

O presente curso ten como obxectivo dar a coñecer a especialistas e activistas do sector do consumo responsable os diferentes modelos de Comercio Xusto hoxe en día existentes, e como algúns destes modelos permiten defender e levar á práctica propostas de Comercio Xusto dende a perspectiva da Soberanía Alimentar.

O curso está dirixido a técnicos, responsables e activistas de organizacións sociais que traballen nos ámbitos do Consumo Responsable e o Comercio Xusto.

O profesorado está formado por activistas e investigadores especialistas en Estudos Labregos, Comercio Xusto e Soberanía Alimentar.

PROGRAMA

Taller 1

Modelos de producción alimentaria

Poñente: Fernando Fernández

18 de xuño (venres).

10:00 a 14:00 horas.

Taller 2

Cooperación Internacional no Comercio Xusto dende a perspectiva da Soberanía Alimentar

Poñente: Jordi Gascón

18 de xuño (venres).

16:00 a 20:00 horas

Taller 3

Soberanía Alimentar e Comercio Xusto como instrumentos políticos

Poñente: Xavier Montagut

19 de xuño (sábado).

10:00 a 14:00 horas

Sesión aberta

Exhibición do documental "De la mata a la olla" (Nicaragua - España, 2009)

e mesa redonda dinamizada por representantes de SODePAZ e Xarxa de Consum Solidari.

Presentación e degustación de produtos de Comercio Xusto que respectan os principios da Soberanía Alimentar.

19 de xuño (sábado).

18:00 horas

Inscricións:

Para inscribivros, mandade un correo electrónico co voso nome, organización á que pertencedes e un teléfono de contacto a:

covadaterra@yahoo.es

O período de inscrición estará aberto ata o día 14 de xuño.
O número de prazas é limitado.

Organizan:



Co apoio de:

